



Lume

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Noite de San Xoán en Cervantes

Nalgunhas aldeas do municipio de Cervantes (Lugo) os mozos roubaban a leña para facer a fogueira que saltaban a medianoite mentres dicían: "Fóra meigas".

[Texto de Xabier Moure Salgado. Decembro de 2011]

COMENTARIOS ENVIADOS

Eu son de Cervantes e nunca escoitara esta tradición de roubar a leña. Si que se fai a fogueira, pero nunca escoitara o de que se roubara.

O que si que facemos é "enramar" a casa: o día de San Xoán colocamos en todas as portas e ventás da casa "San Juanes" (*Digitalis purpurea*) e flores de bantieiro (sabugueiro) para que non entren as bruxas. É unha tradición que levo facendo de pequena e que aínda seguimos conservando.

Enviado por Tania o 19/05/2022 ás 20:19:22